



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

### .ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE "CAMPAMENTO URBANO DE VERÁN ANO 2015". APERTURA SOBRE Nº 2. CRITERIOS CUANTIFICABLES DE FORMA AUTOMÁTICA..

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e trinta minutos do día 14 de maio 2015, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello Dª Irene Suárez López, o animador deportivo municipal D. Diego Fernández López e o concelleiro de persoal, formación, emprego e alumeado público D. José a. Villaverde Rocha, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María de los Angeles Domínguez Ramos.

1.- En primeiro lugar se procede á posta en coñecemento da Mesa de Contratación do informe emitido polo Animador Deportivo Municipal ao proxecto de servizo presentado pola única empresa da licitación ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA, S.L., que se trascrive literalmente a continuación:

#### "INFORME TÉCNICO

CAMPAMENTOS DE VERÁN TUI 2015. CRITERIOS NOS QUE A PONDERACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR. PROXECTO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO, ATA UN MÁXIMO DE 20 PUNTOS.

Unha vez revisado o proxecto de prestación do servizo, presentado pola empresa ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA, para os CAMPAMENTOS URBANOS E DEPORTIVOS DE VERÁN TUI 2015, denominado "ARRIBA O TELÓN", se realiza a seguinte valoración:

- Programación xeral das tres quedas (3 puntos): *a empresa presenta a programación xeral co horario base do campamento. 3 puntos.*
- Programación específica de cada quenda, coa temporalización das actividades (3 puntos): *se presenta a programación específica de cada quenda, coas actividades a realizar en cada unha de elas, e a temporalización das mesmas. 3 puntos.*
- Metodoloxía a utilizar e fío condutor do campamento (2 puntos): *a empresa ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA presenta como fío condutor a temática "ARRIBA O TELÓN", onde se realizarán actividades lúdico tetrais, na que os rapaces e rapazas poderán desenvolver habilidades sociais, persoais e afectivas, e utilizalo como ferramenta para traballar valores como o respecto, a solidariedade, a erradicación da violencia e dos linguaxes sexistas. Os obradoiros a realizar serán de Circo Clown, musicais, de teatro, artes escénicas, danzas modernas, mundo do cine, etc., todos eles acompañados con actividades deportivas. A metodoloxía a utilizar será activa, participativa, dinámica, integradora, non sexista, flexible e lúdica. 2 puntos.*
- Actividades especiais a realizar en cada quenda (piragüismo, natación, saídas medioambientais), establecidas por tramos de idade (2 puntos): *a empresa establece actividades de piragüismo para os tramos de idades adecuados, actividades na piscina municipal e saída medioambiental ao Monte Aloia a través dunha actividade de orientación. 2 puntos.*
- Persoal ao cargo do programa (2 puntos): *a empresa ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA establece no organigrama da empresa ao cargo dos campamentos un responsable do proxecto, un coordinador da actividade, un socorrista que estará presente sempre que os grupos permanezan na piscina municipal, así como once monitores con formación en ocio e tempo libre. 2 puntos.*
- Equipacións do persoal ao cargo do programa (2 puntos): *tal e como establece o proxecto dos CAMPAMENTOS URBANOS E DEPORTIVOS DE VERÁN TUI 2015, denominado "ARRIBA O TELÓN", presentado pola empresa ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA, os monitores terán a súa equipación para que os/as nenos/as poidan diferencialos perfectamente e telos localizados en todo momentos. 2 puntos.*
- Modelo de camiseta a entregar a cada participantes en cada quenda (2 puntos): *a empresa establece que entregarse a cada participante de cada quenda, unha camiseta que levará durante*

*todo o campamento. Para un mellor control dos participantes, distribuiremos aos nenos/as por grupos de idades e cores que se identificarán con unha camiseta correspondente. 2 puntos.*

- **Modelo de enquisa de grao de satisfacción do campamento (2 puntos):** *a empresa presenta un modelo de enquisa adecuada para avaliar o servizo prestado pola mesma. 2 puntos.*
- **Modelos de documentos de recollida de nenos/as antes da hora establecida (2 puntos):** *a empresa aporta un modelo de documento de recollida dos nenos/as antes da hora establecida adecuada ás necesidades do Concello. 2 puntos.*

Polo tanto, despois de realizar a valoración de cada un dos puntos establecidos no proxecto de prestación do servizo da empresa **ACTIVIDADES LÚDICAS GALICIA**, se establece unha **puntuación total de 20 puntos**.

Tui, 12 de maio de 2015."

A Mesa de Contratación, á vista do informe técnico emitido, acorda:

Acepta-la valoración emitida de xeito que se outorga a **puntuación total de 20 puntos** á empresa "Actividades Lúdicas Galicia, S.L".

2.- A continuación se procede pola Mesa de Contratación á apertura do sobre nº 2 - Criterios Cuantificables de Forma Automática - Proposta Económica .", indicándose os aspectos relativos a dita fase do procedemento en cuanto a orzamento de licitación e criterios de puntuación:

A presente licitación ten un orzamento estimado de:

Orzamento base: 16.272,73€

IVE 10%: 1.627,27€

Orzamento total: 17.900,00€

Os criterios de adxudicación establecidos na licitación para o sobre nº 2 son:

Oferta económica: Ata un máximo de 40 puntos.

Aumento de número de prazas en cada quincena, ata un máximo de 20 puntos.

Aumento no horario do campamento entre as 08:00 e as 15:00 horas de luns a venres, ata un máximo de 20 puntos.

Unha vez indicado o anterior, a Mesa de Contratación indica que a oferta económica presentada pola empresa "Actividades Lúdicas Galicia, S.L.", ofrece:

**Oferta económica:** Base: 14.500,00€. 10% IVE: 1.450,00€. Total: 15.950,00€.

**Aumento de número de prazas en cada quincena:** 70 prazas

**Aumento no horario do campamento entre as 08:00 e as 15:00 horas de luns a venres:**

Aula Matinal de 8,00 ás 9,00 horas.

Aula sobremesa de 14,00 ás 15,00 horas.

Á vista da proposta presentada e de conformidade coa lexislación vixente, a Mesa de Contratación indica que, de conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado, dado que a oferta económica baixa máis dun 10% sobre o orzamento tipo de licitación, debe considerarase como oferta desproporcional.

Ao indicado anteriormente, se deberá completar co recollido no artigo 152.3 do TRLCSP, que indica: "(...)3.- *Cuando se identifique una proposición que pueda ser considerada desproporcionada o anormal, deberá darse audiencia al licitador que la haya presentado para que justifique la valoración de la oferta y precise las condiciones de la misma, en particular en lo que se refiere al ahorro que permite el procedimiento de ejecución del contrato, las soluciones técnicas adoptadas y las condiciones excepcionalmente favorables de que*



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Teléf.: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

*disponga para ejecutar la prestación, la originalidad de las prestaciones propuestas, el respeto de las disposiciones relativas a la protección del empleo y las condiciones de trabajo vigentes en el lugar que se vaya a realizar la prestación, o la posible obtención de una ayuda de Estado. En el procedimiento deberá solicitarse el asesoramiento técnico del servicio correspondiente".*

Á vista do anterior e co obxecto de determinar se a oferta presentada pola empresa "Actividades Lúdicas de Galicia, S.L." pode ser desproporcionada ou anormal, e tendo en conta a regulación establecida ao efecto nos artigos más arriba transcritos, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

Primeiro.- Solicitar á empresa "Actividades Lúdicas de Galicia, S.L.", con enderezo en Camiño da Igrexa, 110 CS cp 36314 Vigo, xustificación da viabilidade da proposta económica presentada no tocante á axeitada xustificación dos prezos ofertados e relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada."

Segundo.- Outorgar un prazo de cinco días hábiles ao licitador ao efecto de presentar a xustificación solicitada.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo, proceder a remitir a oferta e xustificación presentada ao técnico municipal para a emisión do informe ao que fai referencia o art. 152.3 do TRLCSP.

De seguido se extende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por todos os asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

O ANIMADOR DEPORTIVO MUNICIPAL

Asdo. Diego Fernández López

A SECRETARIA DA MESA

Asdo. M<sup>a</sup> de los Angeles Domínguez Ramos.

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELLEIRO

Asdo. José Angel Villaverde Rocha.

